

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	FRIOL
<b>Edificio</b>	Igrexa de Santa María de Anxeriz
<b>Dirección</b>	Lugar de Anxeriz, 5. 27229
	43.100868 -7.841729
<b>Protección</b>	
<b>Descricion</b>	<p>O monumento máis destacado desta parroquia é a Igrexa, dedicada a Santa María. Trátase dunha construción románica do século XII que sufriu reformas posteriores. Anxeriz foi unha das cinco primeiras parroquias que constituíron o Concello de Friol, xunto con Friol, Narla, Terra da Orde e Torredéz. Isto tivo lugar no ano 1812, momento no cal se aboliu o réxime señorial e se estableceu unha incipiente administración municipal.</p> <p>A Igrexa conserva a disposición litúrxica e as características do románico rural na súa planta. É de nave e ábsida únicos e rectangulares, sendo este lixeiramente máis estreito. Teito a dúas augas e no muro norte ten engadida a sancristía. A fábrica románica primitiva sufriu multitude de reformas en épocas posteriores. Tanto a sacristía como a ábsida foron refeitos en 1640, tal e como reza un sillar no exterior do templo. Na parede oriental do testeiro fica unha saeteira tapiada que puido pertencer ó templo orixinal e, en dous dos seus sillares, unha cruz inserta nunha circunferencia e unha roda de oito radios.</p> <p>A porta meridional confórmase por un arco de medio punto moldurado por unha media caña na súa rosca que, a paño co muro, apóiase directamente sobre as xambas lisas. O tímpano amosa unha serie de debuxos incisos, de talla bastante simple e un pouco tosca.</p>
<b>Campás</b>	2 campás.
<b>Fotos</b>	2
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	www.romanicodigital.com
<b>Data</b>	21-05-2024

## Campás desaparecidas

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
	<a href="#">Menor (refundida)</a>			47	59

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	<a href="#">Menor.</a>	<a href="#">MANCLÚS, SALVADOR</a>	1970	48	<b>65</b>
Espadana	<a href="#">Maior.</a>	<a href="#">BLANCO ISLA, GREGORIO (PACIOS) (RIBAS ALTAS)</a>	1915	65	159

Información completa: [Igrexa de Santa María de Anxeriz - FRIOL \(GALICIA\)](#)

PDF (15-05-2026)